



LINGUA GALEGA E LITERATURA

4º ESO

Corrección dos exercicios

Exercicios día 15

- Lectura e clasificación temática (xustificada) dos textos 1 a 7 das páxinas 304 e 305 do libro de texto.
- 1. **Temática social. Fala da ditadura “longa noite de pedra” e da opresión.**
- 2. **Temática social. Fala da lingua galega, asociada a unha clase social (labregos e mariñeiros). Pórase de parte da lingua galega é estar cos humildes e fronte aos poderosos.**
- 3. **Temática social. Fala da solidariedade con todos os que sofren sen importar fronteiras políticas, lingüísticas, raciais...**
- 4. **Temática social. Os mozos deben comprometerse e tentar mellorar a sociedade.**
- 5. **Temática social. Antibelicismo: Viet Nam representa todo o malo que pode facer o ser humano e o imperialismo no se afán destrutor.**
- 6. **Temática social. Fala do necesario compromiso do ser humano, que non pode mirar para outro lado cando ve inxustizas.**
- 7. **Temática intimista amorosa. Dicir Moraima (nome da súa muller) é sinónimo de vida e non dicilo de morte e silencio**
- Do texto 5, pág. 305: recursos estilísticos máis destacados explicando que aportan ao poema. Que tipo de vocabulario utiliza? É frecuente que apareza este vocabulario nun poema? (Asegúrate de entendela todo consultando o que non saibas)

Os recursos máis destacados do texto 5 son as anáforas, as repeticións e os paralelismos que lle confiren ao poema un ritmo moi marcado. Tal e como pode apreciarse nos textos 1, 2, 3, 4 e 7 trátase dalgúns dos recursos máis frecuentemente utilizados polo autor.

Alén destes o poema presenta enumeracións (“fame, suor, aldraxe, pugas de aceiro, antropofaxia), metonimias (“nenos de napalm”, todas as persoas inocentes que morreron) e paronomasia (“usa USA”, “terror da terra”).

Utiliza ademais vocabulario máis propio da ciencia, tecnoloxía, economía... ca da poesía: fósforo, antropofaxia, plutonio, pentágono, bursátil, polaris...

Exercicios día 20 e 23

Reposta aberta.

Se tedes os exercicios feitos a ordenador, mandádemos. De non ser así corrixíremolos á volta.

Exercicios día 25

1. Fole utiliza o recurso do “conto contado”. Como aparece marcado no texto isto?

Aparece marcada no texto en expresións que apelan ao narratario (persoa que escoita) como “Xa me entenderán...”, “Que ninguén me pregunte máis...”; e en opinións do propio narrador “Eu coido que fixera algunha morte”, “Non vin unha muller tan fea”

2. Que procedementos utiliza o autor para manter a intriga? (Fíxate nas oracións (longas/curtas, ambientación, ...)

O relato está ambientado “cara á noite” e nun lugar solitario e afastado “cabana no cimo do monte Narón.

(...)Era unha casoupa coas paredes de terra i o teito de ramaxe de xesta e de ouceiro (...)Por certo que unha vez chegaronse os lobos á cabana. Un encetoulle un caxote. (...)Andan polo monte de Narón, corzos, xabarís e lobos... (...) Inantes soio se vían pastores e carboeiros”

Ao principio do relato as oracións son máis longas, o ritmo máis demorado e abunda a descrición: “Sempre me acordarei daquela cabana no cimo do monte Narón. Era unha casoupa coas paredes de terra i o teito de ramaxe de xesta e de ouceiro.” **Logo ao final o ritmo vaise facendo máis apresurado, con oracións curtas e acumulación de accións** “Cando cheguei xunto á cabana berrei por Ramón. Non respondeu. Ondia podía ire? Tampouco estaba ó pé do foio. E volví berrar. Sen máis nen máis entrei. Dentro faguía moi escuro. Acendín un fósforo. Ós meus pés vin un farol de gas. Prendílle lume. Collín o farol e púxenme a cachear pola cabana.”, “Sentín pasos e voces ó lonxe. Apaguei o farol e boteime fóra. Escoitei. Polo outro lado da cemba viña xente. Que medo levei, oh Vi...! Aínda non sei coma tiven tino pra gorecerme tras dun érvedo”.

3. A paisaxe é rural ou urbana? Que importancia ten no relato? Tería o mesmo efecto se sucedese en calquera outro sitio?

A paisaxe é rural e transcorre nun lugar afastado, non tería o mesmo efecto se sucede nunha cidade ou nun lugar máis poboado. Non sentiríamos a mesma sensación de perigo e medo.

4. É unha temática característica da narrativa de Fole? Explícao.

Si é unha temática típica de Fole, neste caso as meigas e as súas predicións.

Exercicios día 27

Actividades:

A Esmorga. Análise

1. Narrador/-es: Indica quen narra en cada parte e pon exemplos.
2. Personaxes
 - a. Principais:
 - i. Completa con outros apelativos e alcumes que teñen na novela):
 1. **Cipriano Canedo, Cibrán, Castizo, Tiñicas, Puchapodre.**
 2. **Eladio Vilarchao, Aladio, Milhomes, Maricallas, Setesaias, Papaganduxos.**
 3. **Juan Fariñas, Xanciño, Bocas, Peitodemacho, Alifante.**
 - ii. Fai unha caracterización de todos eles (Como son, como se comportan con respecto aos demais, que clase de principios morais teñen...)

Os tres teñen en común que son alcohólicos e violentos.

O Castizo é o máis nobre dos tres, ten bos sentimentos, que expresa fundamentalmente cara a Raxada, o seu fillo Lisardiño e a súa nai. Ten un sentido da moral popular: non está ben roubar, non se deixan sós os amigos... É un personaxe débil de carácter e que se deixa levar. Ten unha enfermidade psíquica, “o pensamento”, que o domina e lle produce un importante sufrimento.

É un obreiro pouco cualificado que traballa como xornaleiro.

O Bocas é o máis violento dos tres, é capaz de matar e violar (Socorruto), ten unha relación de amor-odio co Milhomes, sempre lle está pegando e cando non están de esmorga non se falan. Ten un carácter obsesivo e non acepta a súa homosexualidade.

O Milhomes é un personaxe que asume o rol clásico feminino, descríbese como afeminado e déixase controlar polo Bocas. Non ten ningún reparo en facer pequenos furtos (chourizos, raxo, augardente) e ao final rouba cousas de máis valor como xoias e perfumes, pero non tolera outras cousas como a violación.

- b. Personaxes secundarios

- i. Selecciona os cinco que teñan máis importancia na novela e caracterízalos brevemente.

Aínda que é ata certo punto persoal, eu seleccionaría: a Raxada (prostituta coa que vive e ten un fillo Cibrán); O Lisardiño (fillo da Raxada e Cibrán, do que este está orgulloso e di que é moi listo); A Socorruto (moza louca, procedente de boa familia, fala castelán, a todos os homes que olen ben dille que quere ter un fillo, leva unha boneca nun carriño. Dela insinúase que toleou a causa dunha violación); O Pega (parente do Milhomes, está facendo augardente no pazo do Castelo e facilítalle a entrada aos tres esmorgantes); Don Fernando de Andrada

(nobre decadente que ten unha boneca para aparentar ante os veciños que é a súa muller e alimentar a lenda de que a maltrata por unha infidelidade).

Exercicios día 30

3. Espazo.

- a. Lugar onde se se desenvolven os acontecementos
 - i. Espazo da declaración

O espazo da declaración é o xulgado e “cuartilillo” (onde segundo Cibrán o maltratan)

- ii. Espazo da “esmorga”

O espazo da “esmorga” é Auria (Ourense), as súas rúas e os seus arredores.

- b. Lugar simbólico (Que poden simbolizar cada un dos espazos anteriores?)

O espazo da declaración é un espazo hostil, pechado, que simboliza falta de liberdade e indefensión ante o abuso.

- i. Espazo da “esmorga”

O espazo da “esmorga” é Auria. É un espazo exterior, pero non menos hostil. O tempo atmosférico inclemente e a falta dun espazo interior onde acollerse (dos lugares públicos bótanos e aos privados entran sempre sen permiso dos donos), fai que sexan personaxes que viven á intemperie nun labirinto de rúas (pasan varias veces polos mesmos lugares, como se dun labirinto se tratar) onde toda posibilidade de saír se ve frustrada (a estación, o campo das bestas,...)

4. Tempo

- a. Externo (Época histórica na que se ambienta)

Arredor do 1920. Sabémolo polas obras da nova estrada de Madrid na que traballaba Cibrán

- b. Interno
 - i. Tempo da declaración

Dous días: declara, lévano ao “cuartilillo” e volve declarar despois de queixarse ao xuíz de que o maltrataron.

- ii. Tempo da “esmorga”

Vinte e catro horas: desde a mañá cedo en que Cibrán sae da casa da Raxada e se dirixe ao traballo, ata o día seguinte pola mañá en que encontran o Bocas e o Milhomes mortos e deteñen a Cibrán.

5. Lingua. Como é a lingua de *A esmorga*?

A lingua de *A esmorga* é realista. Hai unha diferenza entre como fala o narrador-autor (con hipergaleguismos) e como fala Cibrán (con xiros populares, castelanismos, dialectalismos e vulgarismos)

Exercicios día 1-4

A voadora de Serantes.

1. **A que narrador de posguerra pode pertencer? Xustifica a resposta identificando as súas características.**

O texto pertence a Álvaro Cunqueiro, podería ser de calquera libro da súa triloxía de relatos breves. Hai nel unha mestura de fantasía “viron pasar voando, nunha banqueta, á señora María de Fontes” , “Pro aqués pesos amadeos estaban enmeigados” “Somentes se facían os falsos cando os querían cambiar” **(os pesos) con realidade** “Estaba Manuel Páramo botándolle un feixe de herba ás vacas, e a muller apoleirando as galiñas, á caída dunha serán de verán” **(O comportamento dos personaxes e os traballos do campo son realistas). Os demais personaxes non se sorpernden ante os feitos maravillosos:** “E non lle deu importancia ao asunto, recomendándolle a Manuel e máila muller que calasen o conto e non se metesen na vida de naide.”